



## Programación Docente de MÚSICA DE CÁMARA

Ensinanzas Superiores de Música Título superior de música (ensinanzas reguladas polo Decreto 163/2015, do 29 de outubro)

### 1. Identificación e contextualización

#### DISCIPLINA MÚSICA DE CÁMARA V-VIII

ESPECIALIDADE	INTERPRETACIÓN								ITINERARIO	PERCUSIÓN
CARÁCTER	OBRIGATORIA								TIPO DE CLASES	COLECTIVA
DEPARTAMENTO	ORQUESTRA								XEFE/A DO DEPARTAMENTO	MARÍA CRISTINA GARCÍA LOMBA
CURSOS	1.º curso		2.º curso		3.º curso		4.º curso		COORDINADOR/A DA DISCIPLINA	María Cristina García Lomba
CUADRIMESTRE	I	II	III	IV	V	VI	VII	VIII	Horas de clase	1,5
ETCS/ CUADRIMESTRE					3	3	3	3	Observacións	
DOCENTES	NOME E APELIDOS				MAIL/TEL/WEB				TITORÍA	
	CARLOS CASTRO ROIG				carloscastro@csmvigo.com					
	JORGE PÉREZ MESTRE				jorgeperez@csmvigo.com					

### 2. Descritor e competencias

Ver lista e descrición de competencias no anexo II do decreto 163/2015 (DOG do 16 de novembro de 2015)/171/2016

DESCRITOR	Práctica da interpretación musical en grupo e en diferentes formacións. Coñecemento do repertorio de cámara do seu propio ámbito e práctica interpretativa en formacións diversas, incluídas as compostas exclusivamente por percusionistas. Desenvolvemento de hábitos e técnicas de ensaio. Cooperación no establecemento de criterios interpretativos, compenetración e traballo colectivo. Práctica de lectura a primeira vista, flexibilidade de resposta ás indicacións do/a director/a. Concepción e desenvolvemento de proxectos musicais colectivos.
COÑECEMENTOS PREVIOS	Os requeridos na proba de acceso ao grao superior, e para cuadrimestres diferentes ao primeiro, coñecementos e habilidades adquiridas do cuadrimestre anterior.
RELACIÓN CON OUTRAS DISCIPLINAS	A través da práctica interpretativa da música de cámara conséguese integrar e poñer en práctica aspectos musicais e teóricos presentes nos estudos de música superiores, colaborando ao desenvolvemento da capacidade analítica, do coñecemento do repertorio do propio instrumento e da evolución estilística dos diferentes períodos da historia da música.
TRANSVERSAIS	1, 3, 6, 7, 10, 13
XERAIS	2, 7, 8, 10, 21
ESPECÍFICAS	2, 3, 6, 8, 9, 10

### 3. Obxectivos

DESCRIPCIÓN	COMPETENCIAS RELACIONADAS
1. Formar parte dunha agrupación instrumental, aprendendo a valorar a música de cámara como un aspecto fundamental da súa formación musical e instrumental	Todas
2. Coñecer a problemática dos distintos instrumentos e de cada combinación instrumental nas que interveña o alumno, intentando que sexan o máis variadas posibles, aprendendo a adaptarse ás peculiaridades sonoras de cada grupo, así como sabendo actuar como un membro máis ou como líder, segundo as circunstancias	Todas
3. Diferenciar o seu papel como integrante de pequenas formacións ou de formacións maiores, aprendendo a controlar a súa función desde solista a integrante de grandes formacións de cámara	Todas
4. Aplicar en todo momento a audición polifónica, imprescindible na interpretación en grupo, escoitando as distintas partes mentres se executa a propia, buscando equilibrio de planos (función de acompañamento, solista ou contrapunto, segundo requírao a obra), así como un fraseo común e apropiado ao estilo das obras.	Todas
5. Empregar unha ampla e variada gama sonora, axustando o son en función dos demais instrumentos do conxunto e das necesidades estilísticas e interpretativas de cada obra.	Todas

### 4. Contidos

TEMAS	DESCRITOR SUBTEMAS	SESIÓNS
A unidade sonora	A) Timbre, vibrato, afinación, respiración, ataques, golpes de arco. B) Articulación, ritmo, agónica e dinámica. C) Fraseo	todas
A sonoridade de conxunto	Equilibrio de planos, función de cada instrumento en cada momento (acompañamento, solista, contrapunto, etc)	todas
Lectura a primeira vista	Obras de menor dificultade, respetando e coidando a interpretación de cada un dos detalles da obra	todas
Interpretación	Preparación dun programa integrado por unha obra de gran forma ou dúas de pequeno formato	todas
Audicións	Interpretación (nas audicións públicas organizadas polo departamento) dun programa integrado por unha obra de gran forma ou dúas de pequeno formato. No caso de obras de gran dificultade ou duración, o docente poderá solicitar ao departamento a posibilidade de interpretar parte da obra en cada cuadrimestre.	todas
Total de sesións por cuadrimestre		19

### 5. Metodoloxía e Planificación Docente

TIPO DE ACTIVIDADE E DESCRIPCIÓN	HORAS PRESENCIAIS	HORAS NON PRESENCIAIS	TOTAL HORAS
----------------------------------	-------------------	-----------------------	-------------



clases	25,5		25,5
audicións	3		3
traballo persoal			61,5
Total de horas por cuatrimestre			120

## 6. Avaliación

FERRAMENTAS DE AVALIACIÓN	CRITERIOS DE AVALIACIÓN	COMPETENCIAS AVALIADAS	PONDERACIÓN
<b>ORDINARIA</b>			
AVALIACIÓN ORDINARIA (Con avaliación continua)			
Seguimento continuo	Valoraranse as capacidades adquiridas conforme á superación das distintas fases da aprendizaxe	todas	50%
Audición pública	Valorarase o control técnico, a coherencia no estilo interpretativo e a concordancia coa forma e estética das pezas, a capacidade artística e de comunicación	todas	50%

\*As faltas de asistencia (3 faltas a clases de Cámara / Conxunto ou 4 faltas no resto das disciplinas) suporán a perda do dereito á avaliación continua. Cando isto aconteza, o profesor/a da disciplina actuará segundo o protocolo aprobado..

AVALIACIÓN ORDINARIA (Convocatoria adiantada-Decembro-)			
Seguimento continuo	Valoraranse as capacidades adquiridas conforme á superación das distintas fases da aprendizaxe	todas	50%
Audición pública	Valorarase o control técnico, a coherencia no estilo interpretativo e a concordancia coa forma e estética das pezas, a capacidade artística e de comunicación	todas	50%
AVALIACIÓN ALTERNATIVA (*Para alumnado con perda da Avaliación continua)			
Audición pública	Interpretación en audición pública dunha obra de gran forma ou dúas de pequeno formato, cun nivel de dificultade técnica mínima correspondente ao curso anterior da especialidade instrumental no que está matriculado o/a alumno/a	todas	100%

<b>EXTRAORDINARIA</b>			
Audición pública	Ver avaliación alternativa. Os alumnos que se presentan a avaliación extraordinaria deberán consensuar o programa co/a profesor/a da materia; así mesmo deberán xestionar a composición da agrupación, respetando a instrumentación indicada na partitura.	todas	100%

<b>ERASMUS</b>			
----------------	--	--	--

Os/as alumnos/as oficiais que participen en programas de intercambio internacional, deberán aportar unha certificación dos créditos realizados e a cualificación obtida no centro de destino. En caso contrario deberán examinarse dos contidos establecidos para esta materia igual que os restantes alumnos/as oficiais. Si os contidos cursados no centro de destino non se corresponden cos desta programación, o departamento decidirá a forma de avaliar os contidos non realizados ou non superados.

Os/as alumnos/as estranxeiros, participantes en programas de intercambio internacional, serán avaliados igual que os alumnos/as oficiais. No caso de non realizar un curso ou semestre completo, recibirán unha avaliación informativa e unha acreditación das horas lectivas realizadas.

## 7. Alumnado con necesidades educativas especiais

DESCRIPCIÓN	CRITERIOS E PAUTAS
No marco do establecido no Real decreto lexislativo 1/2013, do 29 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei xeral de dereitos das persoas con discapacidade e da súa inclusión social, deberán cumprirse as disposicións vixentes en materia de promoción da accesibilidade.	Aqueles que estableza a Consellería competente en materia de Educación.

## 8. Bibliografía, materiais e documentos

Mata, F.X: La mejor música de cámara. Editorial Daimon  
Robertson, Alec: La música de cámara. Editorial Taurus  
Salas Merino, Vicente: Historia de la música de cámara y sus combinaciones. Editorial Vision Net  
Tranchefort, François-René: Guía de la música de cámara. Alianza Editorial  
Vogt, Hans: La música de cámara de J.S. Bach. Editorial Labor